



## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13 DE DECEMBRO DE 2021

### **1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00055900E.**

#### **Aprobación de actas de sesións anteriores.**

Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Ordinaria de data 15 de novembro de 2021.
- Extraordinaria - urxente de data 17 de novembro de 2021.
- Extraordinaria – urxente de data 19 de novembro de 2021.
- Ordinaria de data 22 de novembro de 2021.

### **3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00020740Y.**

#### **Licenza obra maior.**

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 10/09/2021, e a documentación presentada o 06/10/2021 e o 12/11/2021, cun orzamento de execución material de 197.000 €, a construción dunha vivenda unifamiliar illada, peche de parcela e piscina no Lugar Susana, Santiago de Compostela (A Coruña).

### **4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00040757J.**

#### **Aprobación do proxecto de reforma interior do Salón de Plenos do Pazo de Raxoi.**

Acórdase tomar coñecemento do ditame da Comisión Asesora do Patrimonio Histórico de data 02/11/2021 e aprobar o proxecto asinado polo arquitecto Alfredo Varela Nogueira de data 26/07/2021 (cun orzamento de execución material de 65.506,81 €) e a documentación complementaria asinada igualmente polo citado arquitecto nas datas 30/09/2021 e 18/10/2021, consistente na reforma interior do Salón de Plenos do Pazo de Raxoi, situado na Praza do Obradoiro de Santiago de Compostela (A Coruña).

### **5. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2021/00055104P.**

#### **Autorización de traspaso das casetas da praza de abastos números NC063 e NC064.**

Acórdase:

1. Autorizar o traspaso das casetas da praza de abastos números NC063 e NC064. O prezo do traspaso é de 12.020,24 as casetas dedicaranse á elaboración e venda ao por menor de alimentos.
2. A nova persoa adxudicataria ten a obriga de explotar a caseta conforme as disposicións recollidas no Regulamento municipal da Praza de Abastos e a duración da concesión será por un máximo de 50 anos en total, contados dende a data na que foi concedida inicialmente.

### **6. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2021/00049170P.**

**Autorización da subrogación da sociedade “Teima Labrega, S. Coop. Galega” na titularidade das casetas números NA341 e NA342 da Praza de abastos.**

Acórdase autorizar a subrogación da sociedade TEIMA LABREGA S. COOP GALEGA, na titularidade das casetas da praza de abastos números NA341 e NA342. A subrogación implica que a Sociedade Cooperativa asume a totalidade de dereitos e obrigas das persoas que figuraban como titulares.

**7. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2021/00054481Y.**

**Aceptación de baixa na concesión da caseta da praza de abastos número NA369 por renuncia da titular.**

Acórdase aceptar a renuncia da concesión da caseta da praza de abastos número NA369, que queda libre e a disposición do Concello.

**8. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00028733H.**

**Adxudicación do lote II do contrato Subministración de vehículos para a Policía Local de Santiago de Compostela mediante arrendamento con mantemento (renting), que ten por obxecto un vehículo tipo turismo a GRUPIVAZGLE.**

Acórdase:

Primeiro: Adxudicar o lote II do contrato *Subministración de vehículos para a Policía Local de Santiago de Compostela mediante arrendamento con mantemento (renting)*: que ten por obxecto *Un vehículo tipo turismo* a GRUPIVAZGLE SL, por importe de 40.800 €, sen IVE; IVE 8.568 €. O importe total con IVE é de **49.368,00 €**.

Así mesmo GRUPIVAZGLE SL compromete para o lote II un prezo/km de 0.078 euros polo abono dos quilómetros non consumidos durante o período de arrendamento respecto dos km/ano estimados para cada tipo de vehículo e un cargo/km de 0,00 euros polo exceso de quilómetros consumidos durante o período do arrendamento con respecto aos km/ano estimados para cada tipo de vehículo.

Segundo: Dispoñer con cargo á aplicación orzamentaria 060 13200 2040000 o seguinte gasto polos seguintes importes:

Anualidade 2021: 9.256,49 euros

Anualidade 2022: 12.342,00 euros

Anualidade 2023: 12.342,00 euros

Anualidade 2024: 12.342,00 euros

Anualidade 2025: 3.085,50 euros

**9. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00051305G.**

**Devolución de fianza: Redacción do proxecto, dirección de obra, dirección e execución de coordinación de seguridade e saúde das obras de “Mellora da mobilidade e accesibilidade do barrio de Vista Alegre”.**

Autorízase a devolución da fianza constituída pola empresa, EZCURRA Y OUZANDE ARQUITECTURA, SLP, por importe de 3.509,28 euros para responder do contrato de “Redacción do proxecto, dirección de obra, dirección e execución de coordinación de seguridade e saúde das obras de “Mellora da mobilidade e accesibilidade do barrio de Vista Alegre”.

**10. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00043031X.**

**Devolución de fianza: “Subministración de prendas de uniformidade para a Policía Local 2018 -LOTE D: Prendas para a auga”.**

Autorízase a devolución da fianza constituída pola empresa, SAGRES, S.L., por importe de 62,41 euros para responder do contrato de “Subministración de prendas de uniformidade para a Policía Local 2018 -LOTE D: Prendas para a auga.”

**11. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00043023W.**

**Devolución de fianza: “Subministración de prendas de uniformidade para a Policía Local 2018- LOTE A: Prendas de confección a medida”.**

Autorízase a devolución da fianza constituída pola empresa, SAGRES, S.L., por importe de 1.705 euros para responder do contrato de “Subministración de prendas de uniformidade para a Policía Local 2018- LOTE A: Prendas de confección a medida.”

**12. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00042939X.**

**Devolución de fianza: “Subministración de consumibles de impresión para o Concello de Santiago de Compostela”.**

Autorízase a devolución da fianza por importe de 1.412,50 euros para responder do contrato de “Subministración de consumibles de impresión para o Concello de Santiago de Compostela” .

**13. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00055900E.**

**Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.**

Tómase coñecemento das Resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 3 ao 9 de decembro de 2021.

**URXENCIAS**

**14. Aprobar parcialmente a xustificación do convenio de colaboración asinado o 04 DE AGOSTO DE 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA ano 2021.**

Apróbase parcialmente a xustificación do convenio de colaboración asinado o 04 DE AGOSTO DE 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA ano 2021, pola contía de NOVE MIL SETECENTOS SESENTA E CATRO EUROS CON VINTE OITO CÉNTIMOS DE EURO (9.764,28 €), con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800008/2021 reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2021 (artigo 33).